

Expiación e outros relatos



Irmás Cartoné, 2023

Títulos orixinais dos relatos: *Expiation, The Lady's Maid's Bell, The Descent of Man, The Other Two*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Corrección: Irmás Cartoné

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-126247-2-4

Dep. Legal: C 1118-2023



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa da autora, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

EDITH WHARTON

Expiación e outros relatos

Tradución de Celia Recarey Rendo



ÍNDICE

<i>Expiación</i>	9
<i>O timbre de servizo</i>	49
<i>A orixe do home</i>	85
<i>Os outros dous</i>	119

Expiación

I

—Son incapaz —dixo a señora Fetherel— de oír o timbre sen un arrepío.

O seu aspecto sereno —era a clase de muller cuxas emocións nunca se trasladan á súa indumentaria— e o fondo convencional do salón neoiorquino, con aquela dominante sensación de que sempre estaba piques de aparecer unha bandexa con té e un ambiente en que as funcións sociais se converteran en puro reflexo, conferíanlle á súa declaración un alivio que non deixou de captar a súa prima, a señora Clinch, quen, desde o outro lado da cheminea, concordou, dirixíndolle unha ollada ao reloxo, en que era a hora das visitas aburridas.

—Visitas aburridas! —exclamou a señora Fetherel con impaciencia—. Se me provocasen arrepíos, tería tremores crónicos!

Inclinouse para diante e pousou un escintilante dedo no luído regazo negro da súa prima.

—Refírome aos recortes de prensa —bisboulle.

A señora Clinch devolveulle unha mirada de comprensión.

—Xa empezaron a chegar?

—Aínda non, pero seguro que logo empezarán; en calquera momento, segundo me di o meu editor.

A expresión aprehensiva da señora Fetherel acomodábase mal ás súas faccións miúdas, que tiñan un aire de pulcra simetría que, en certo modo, daba a impresión de que llas colocaba cada mañá a súa doncela. Alguén (había rumores de que fora a súa prima) dixera unha vez que Paula Fetherel sería moi guapa se non lembrase tanto a un axioma moral escrito en perfecta caligrafía de manual.

A señora Clinch recibiu a confianza cun sorriso.

—Ben —dixo—, supoño que estabas preparada para as consecuencias de ser autora.

A señora Fetherel ruborizouse notablemente.

—Non é o feito de que cheguen —recoñeceu—, é o feito de que cheguen agora.

—Agora?

—O bispo está na cidade.

A señora Clinch reclinou se no asento e debuxou cos labios un asubío que bloqueou unha gargallada.

—Vaia! —exclamou.

—Xa ves! —dixo, triunfal, a señora Fetherel.

—E non estabas preparada para a chegada do bispo?

—Agora non... polo menos non contaba con que vise os recortes de prensa.

—E por que os había de ver?

—Bella, non entendes? Por John.

Expiación

—John?

—Adoptou unha actitude inesperada... case se diría que por perversidade.

—Oh, por perversidade... —murmurou a señora Clinch fitando a súa prima entre as pálpebras engurradas pola diversión—. E que actitude adoptou John, logo?

A señora Fetherel arreboloulle a resposta co xesto desesperado dunha muller que está a expoñer as pegadas dun conflito marital.

—A actitude de estar orgulloso do meu libro.

A diversión da señora Clinch desembocou en riso.

—Ai, pódeste rir —insistiu a señora Fetherel—, pero para min non che é ningunha broma. Para empezar, que a John lle guste o libro é tan... tan... inadecuado... ponme nunha posición tan ridícula... E ademais deulle por seguir as recensións... Quen podía sospeitar que John sabía sequera que se facían recensións de libros? Ca! Até descubriu que existe o servizo hemerográfico e, cada vez que chega o carteiro, oio a John saír correndo da biblioteca para ver se trae algún sobre amarelo. Por suposto, cando chega algún, tráeo para o salón e le as recensións en alto para todo o que estea presente... e o bispo vai estar, sen dúbida!

A señora Clinch contivo a súa diversión.

—A estampa que me pintas é horripilante —concedeu—, pero a túa modestia parécese anormal, en especial nunha escritora. Con toda probabilidade, algunhas desas recensións han ser bastante agradables de ler. Os críticos non están todos sindicados.

A señora Fetherel fitouna.

—Sindicados?

—Quero dicir que non pertencen todos ao coñecido Sindicato para a Persecución de Autoras Emerxentes. Xa se tendado o caso de que algún deles desafíe as normas e teña boas palabras para unha escritora novel.

—Oh, sen dúbida —dixo a señora Fetherel coa gargallada que o chiste da súa prima lle provocara—, pero non acabas de entenderme. Non estou nada nerviosa polo éxito do meu libro, o meu editor di que non teño por que estar, senón que temo que o seu éxito se deba ao escándalo.

—Ai, Señor! —dixo a señora Clinch endereitándose no asento.

O mordomo e o criado apareceron naquel momento coa bandexa do té e, en canto se retiraron, a señora Fetherel, inclinando a cabeza cuberta de brillantes ondas sobre a teteira, proseguiu nun murmurio confesional:

—Até o título supón certo problema.

—*Á lixeira* —musitou a señora Clinch—, si, debe dar que pensar.

—Non o escollín por ese motivo! —protestou a autora—. Eu prefería algo máis discreto, menos evidente, pero estaba decidida a non eludir a responsabilidade do que escribira. Quero que a xente saiba antes de o ler que clase de libro está a comprar exactamente.

—Pois —dixo a señora Clinch—, éche un grao de meticolosidade que nunca vira antes. Tan poucos libros cumpren a

Expiación

promesa dos seus títulos que os lectores experimentados nunca esperan que os pratos estean á altura do que di o menú.

—*Á lixeira* non ha decepcionar nese sentido —replicou con toda a intención a súa prima—. Manexei o tema sen luvras. Chamei as cousas polo seu nome.

—Fasme a boca auga! E pensar que aínda non tiveron ocasión de o ler porque cada minuto libre que teño llo dediquei a corrixir as probas de *Como os paxaros gardan o Nadal!* Velái un exemplo das penurias da vida dunha escritora!

Os ollos da señora Fetherel ensombrecéronse.

—Non fagas bromas, Bella, por favor. Supoño que para os autores con experiencia sempre hai algo absurdo no nerviosismo dunha autora novel, pero no meu caso hai moito en xogo; puxen tanto de min neste libro e teño tanto medo de que se me mal entenda... de ser, por así dicilo, unha adiantada ao meu tempo... como o pobre Flaubert... Sei que che parecei ridícula... e se só estivese en xogo a miña reputación, non lle daría voltas... pero a idea de arrastrar o nome de John pola lama...

A señora Clinch, que se levantara e se envolvera na súa capa, ficou esculcando desde a súa afable altura a expresión axitada da súa prima.

—E por que usaches o nome de John, logo?

—Esa é outra das miña dificultades! Tiven que facelo. Non tería mérito publicar un libro así baixo pseudónimo, sería un acto de covardía moral. *Á lixeira* non é unha novela corrente. Unha escritora que se atreve a mostrar a vacuidade das convencións sociais debe ter coraxe nas súas convicións e estar disposta a aceptar as consecuencias de desafiar a

sociedade. Imaxinas a Ibsen ou a Tolstoi escribindo cun nome falso? —A señora Fetherel alzou uns ollos tráxicos cara á súa prima—. Non sabes, Bella, cantas veces te teño envexado desde que comecei a escribir. Ás veces preguntábame, non che importa que o diga?, por que, co lista que es, non trataras un tema máis estimulante que a historia natural, pero agora decátome do prudente que fuches. Pase o que pase, a prensa nunca te denunciará!

—Iso é o que temes? —preguntou a señora Clinch mentres collía o voluminoso parasol que tiña apoiado contra a butaca—. Querida, se algunha vez tivese a fortuna de ser denunciada pola prensa, tería a berlina agardando por min na porta neste mesmo momento e non tería que estragar este parasol andando con el á chuvia. Ai, inocente, se eu me considerase minimamente apta para sinalar convencións sociais, cres que perdería o tempo escribindo *Niños abertos* ou *Como arrecenden as flores*? Hai unha demanda bastante constante de pseudociencia e ornitloxía coloquial, pero non é nada, simplemente nada, comparada coa voraz ansia de ataques ás institucións sociais, en especial por parte dos que están dentro desas institucións!

As chanzas da señora Clinch a miúdo lle parecían un tanto carentes de gusto á súa prima e nesta ocasión parecéronlle máis inoportunas do habitual.

—*Á lixeira* non se escribiu coas masas en mente.

A señora Clinch ficou imperturbable.

—Se cadra é mellor así —replicou engruñando os ombreiros cun xesto filosófico—. Quero dicir que así a sorpresa será máis agradable. Porque, por suposto, vaise ven-

Expiación

der moitísimo, especialmente se consigues que a prensa a denuncie.

—Bella, como podes dicir esas cousas? Ás veces penso que as dis expresamente para te meteres comigo; e porén, eu diría que precisamente ti, entre todas as mulleres, deberías entender a miña intención ao escribir un libro como este. Sempre me pareceu que a mensaxe que tiña que transmitir non era para min soa, senón para todas as demais mulleres do mundo que algunha vez sentiron a vacuidade das nosas farsas sociais, a ignominia de se abaixar perante os ídolos do mercado, pero que carecen do valor ou do poder para proclamaren a súa independencia; e imaxinaba, Bella querida, que por severo que fose o castigo que a sociedade me impuxese por revelar as súas fraquezas, podía contar coa simpatía de quen, coma ti —a voz da señora Fetherel descendeu—, atravesou as augas profundas.

A señora Clinch fixo unha especie de sacudida canina, como para librar os seus amplos ombros de toda pinga do elemento que se supoñía que atravesara.

—Oh, di lamacentas, máis que profundas —retrucou—, e verás, querida, que as mulleres que tiveron algo que vadear poñen bastante coidado en non remexer na lama. É pegañenta, especialmente na roupa branca.

A señora Fetherel ergueu unha impávida cella.

—Non teño medo —proclamou, e nese mesmo intre deixou caer a culler cun tintinar e afundiuse novamente no seu asento—. Velaí o timbre —exclamou—, e estou certa de que é o bispo!


Efectivamente, era o bispo de Ossining quen, tras o solemne anuncio do mordomo da señora Fetherel, facía agora unha entrada cuxa mellor descrición talvez sexa que estivo á altura das expectativas creadas pola súa presentación. O bispo sempre sabía entrar nunha estancia, pero cando non o anunciaban, ou non ía precedido por un mordomo da Baixa Igrexa que pronunciase o seu apelido, a súa aparencia carecía da maxestade que lle confería a debida mención da súa dignidade diocesana. O bispo tíñalle moito cariño á súa sobriña, a señora Fetherel, e unha das características que máis valoraba nela era a posesión dun mordomo que sabía como anunciar un bispo.

A señora Clinch tamén era súa sobriña, pero ademais de que ela non tiña mordomo de ningunha clase, expuxérase ás críticas do seu tío escribindo libríños insignificantes que sempre atopaban a maneira de acadar cinco ou dez edicións mentres o froito do seu lecer episcopal —*O laio de Xonás*, vinte cantos en verso branco, e *Brillar a través do vidro, ou como recadar fondos para unha vidreira memorial*— languidecían inexplicablemente nos andeis traseiros dunha editorial recoñecida pola súa habilidade para comercializar «bens píos». Con todo, o bispo podería pasar por alto até esta indiscreción se a súa sobriña non tivese a ben recorrer a el en busca de apoio e consello na dolorosa conxuntura da súa traxectoria en que, nas súas propias palabras, se viu na necesidade de convidar o señor Clinch a procurar outro acomodo. A transgresión do señor Clinch era dese xénero especialmente deseñado pola Providencia para poñer a proba a fortaleza dunha esposa e nai cristiá, e o bispo amosouse repleto de consellos e ensinanzas axeitados para a ocasión, de modo que cando Bella respondeu ás súas exhortacións coa seca observación de que prefe-

Expiación

ría limpar a súa casa sen axuda de ninguén, a mágoa do seu tío ante aquela ingratidade non deixou de ir acompañada de compaixón polo señor Clinch.

Así pois, non é de estrañar que o bispo reservase sempre o saúdo máis agarimoso para a señora Fetherel, e nesta ocasión á señora Clinch pareceulle detectar, na saudación que lle correspondeu a ela, a notable suxestión de que a súa presenza era superflua, insinuación que ela tomou co seu habitual e imperturbable bo humor.



ESTE LIBRO, QUE ENTROU NO PRELO
O 5 DE XULLO DE 2023, ESTÁ COMPOS-
TO POR VARIOS DOS RELATOS ENVIADOS
COA NEWSLETTER CARTONÉ DURANTE
O SEU TERCEIRO ANO DE EXISTENCIA

